

**ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS 2017**
SEDE: 15015767 CIFP Politécnico de Santiago**FASE DE ASESORAMENTO – CONVOCATORIA REUNIÓN DE GRUPO**

Web Información Acreditación:

<http://www.edu.xunta.es/fp/convocatoria-2017-acreditacion>http://www.politecnicodesantiago.es/pres_acreditacion

Convócase á **REUNIÓN DE GRUPO da fase de asesoramento**, na data, hora e sede que se indica a continuación, a todas as persoas **INCLUÍDAS** nas **LISTAXES DEFINITIVAS DE PERSOAS ADMITIDAS** no marco da ORDE do 28 de decembro de 2016 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (DOG 12-1-2017).

ASISTENCIA: Infórmase que o asesoramento será obrigatorio, e para esta convocatoria realizarase de forma presencial, polo que a falta de asistencia inustificada provocará a perda da condición da persoa candidata admitida no procedemento. A xustificación deberá presentarse no centro nos cinco días seguintes aos da sesión, por escrito e acompañada da documentación acreditativa (*Artigo 13, punto 2 da ORDE*).

TAXAS: *O candidato admitido para a realización da fase de asesoramento deberá aboar unha única taxa de 20 euros, e o xustificante de pagamento EXEMPLAR PARA A ADMINISTRACIÓN deberáselle entregar ao asesor na primeira reunión de asesoramento que se realice (nesta reunión). A non presentación do xustificante de pagamento da taxa en tempo e na forma procedentes suporá a exclusión do aspirante (Artigo 10, punto 1 da ORDE). Tamén debe prestarse atención as situacións de exención do pagamento (Artigo 10 punto 3 da Orde). Para mais información relacionada cas taxas pode consultar o enderezo seguinte <http://www.edu.xunta.es/fp/pagamento-taxas>*

DATAS PARA CONVOCATORIAS REUNIÓN DE GRUPO
SEDE: 15015767 CIFP Politécnico de Santiago

Familia Profesional	Ciclo	Data	Hora inicio	Hora fin	Lugar da reunión
Electricidade-Electrónica	Instalacións eléctricas e automáticas	19 de Abril 2017	18:30	20:30	Salón de actos
Fabricación mecánica	Soldadura e caldeiraría	24 de Abril 2017	16:00	19:00	Aula 23 (Segunda planta)
Transporte e mantemento de vehículos	Electromecánica de vehículos automóviles	19 de Abril 2017	19:30	21:00	Aula Pintura
Química	Laboratorio de análise e de control de calidade Operacións de laboratorio	20 de Abril 2017	17:00	19:00	Sala de profesores

Santiago de Compostela 6 de Abril de 2017

Dpto. Acreditación e Probas